



**Sección Sindical do
Concello de Vigo**

Á INTERVENCIÓN XERAL

ASUNTO: ALEGACIÓNS AO ORZAMENTO DO EXERCICIO 2025.

REFERENCIA: Expte. 90/142 (Expte. Pleno 4671/1101).

Enrique Alonso Rodríguez, en calidade de Secretario da Sección Sindical de CC.OO. neste Concello, cuxas demais circunstancias profesionais e representativas xa constan acreditadas nos arquivos desta Administración, comparece e di:

1. Que no BOPPO Nº 225 do día Martes, 19 de novembro de 2024, deuse publicidade ao acordo adoptado polo Pleno desta Corporación Municipal, en sesión extraordinaria do día 14 de novembro do 2024, polo que aprobou inicialmente o Orzamento Xeral do Concello de Vigo que deberá rexer durante o exercicio económico de 2025, consonte ao previsto nos artigos 169 e 170 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e artigo 13 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
2. Que, de acordo co ofrecemento ofrecido no anuncio publicado e con amparo no artigo 170 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, polo presente escrito deduzo no prazo regulamentario **ESCRITO DE ALEGACIÓNS AO ORZAMENTO DO EXERCICIO 2025**, e que sustento nos seguintes MOTIVOS:

PRIMEIRO E ÚNICO.- FALTA DE COBERTURA ORZAMENTARIA NO CAPÍTULO I PARA ATENDER AOS COMPROMISOS DERIVADOS DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 16 DE MARZO DE 2023.

Na súa sesión de 16 de marzo de 2023, a Xunta de Goberno Local deu aprobación ao expediente rubricado «*PROPOSTA DE APLICACIÓN DE ESTUDIO DE ANÁLISE E VALORACIÓN RETRIBUTIVA E FUNCIONAL DE POSTOS DE TRABALLO E MELLORA NA ORGANIZACIÓN INTERNA DA POLICÍA LOCAL DO CONCELLO DE VIGO E APROBACIÓN DA*

RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO DO CONCELLO DE VIGO 2023- EXPEDIENTE ELECTRÓNICO Nº 40934/220».

A devandita proposta reorganizativa, que contou co informe de fiscalización favorable da Intervención Xeral do día 16/03/2023, no seu epígrafe Sétimo contía a seguinte previsión:

“7. PONDERACIÓN DAS PRAZAS ASOCIADAS AS QUENDAS MAÑÁ/TARDE/NOITE. Prégase manter a ponderación dos postos asociados a tres quendas M/T/N, para que se poida incrementar a cobertura e con iso un desexado e necesario incremento neto na mesma proporción.

Tendo en conta que na actualidade os postos a tres quendas supoñen o 60,33% do total do cadro de persoal, solicítase que o número de prazas asociadas a estes postos M/T/N aumente anualmente nesa mesma porcentaxe cando sexa efectiva unha OEP nese mesmo ano.

O axuste debería realizarse anualmente no expediente de tramitación orzamentaria. Tendo en conta os termos nos que se conforman os custos do capítulo 1, e que con carácter xeral pechan a primeira quincena de setembro de cada ano, para os efectos de valorar o incremento neto do cadro de persoal efectivo do Corpo de Policía Local, tomaríase a previsión a 31 de decembro do ano que se analiza (persoal a setembro- xubilacións previstas para o último trimestre+ OEP que sexa efectiva no ano).”

Agás erro ou omisión involuntaria pola nosa parte, cremos que a dotación orzamentaria vinculada ás prazas do persoal da Policía Local non contemplan a preceptiva reserva de crédito suficiente para garantir que o 60,33% do total do cadro de persoal dese colectivo pase a quendas de Mañá/Tarde/Noite, xa que os postos que deben ir asociados a esa concreta porcentaxe de prazas precisan dun complemento específico singularizado. Isto significa, en termos prácticos, que a nova Relación de Postos de Traballo que deberá aprobarse para o exercicio 2025 non vai poder asumir esa previsión organizativa de acordo co marco orzamentario que foi inicialmente aprobado, agás que se tramitase unha modificación orzamentaria parella. Por tanto, a desaxuste debe ser corrixido xa agora, para garantir o mandato contido no artigo 38. 3 da lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, que di: *“Os orzamentos reflectirán os créditos correspondentes ás relacións de postos de traballo, sen que poida existir ningún posto que non estea dotado orzamentariamente”.*

En efecto, na OEP do ano 2023 incluíronse as seguintes prazas:

- 1 Praza de intendente principal
- 5 Prazas de inspector

-10 Prazas de oficial

-11 Prazas de policía

Total 27 prazas, o que significa que o 60% delas deben ir en réxime de tres quendas de mañá, tarde e noite (e dicir, 16,2 prazas)

Pola súa banda, na OEP do ano 2024, incluíronse as seguintes prazas:

-1 Praza de intendente

-2 Prazas de inspector

-3 Prazas oficial

-13 Prazas policía

Total, 19 prazas, das que o 60% delas deben ir vinculadas, tamén, a postos de traballo en réxime de tres quendas (11,4 prazas).

Por tanto, os orzamentos de 2025 deben presupostar **28 prazas** da policía local consonte ao réxime retributivo propio dos postos de traballo a tres quendas (mañá/tarde/ noite), debendo indicarse polas áreas xestoras responsables (Recursos Humanos/Polícia Local) qué concretos postos serán dedicados a ese réxime de xornada laboral. A Relación de Postos de Traballo de 2025 non poderá asumir autonomamente ningún cambio que signifique incremento do Capítulo I, polo que os orzamentos en tramitación teñen que facelo, preceptivamente.

SOLICITO se teña por presentado este escrito e co mesmo por deducidas as presentes Alegacións ao orzamento de 2025.



A handwritten signature in blue ink, which appears to be 'Enrique Alonso Rodríguez', is shown on a white background.

Asinado, Enrique Alonso Rodríguez.

CC.OO. - SECCION SINDICAL – CONCELLO DE VIGO

Praza do Rei s/n, 5º andar – 36202 VIGO

Teléfono: 986 810 305

Extensión: 1383 / 2305

Correo electrónico: oficina.ccoo@vigo.org